



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTEUN DE XUÑO DO ANO DOUS MIL DEZ.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas e cinco minutos do día vinteun de xuño do ano dous mil dez, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

Dna. Rosa Nora González

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Dna. María Belén González González.

D. Antonio Estévez González

D. Francisco Veloso González

Non asisten os concelleiros D. Benito Vázquez Vázquez D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar o asunto que conforma a orde do día que foi legal e previamente notificado, seguinte:

PUNTO UNICO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2006.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as a proposta de Alcaldía, se procede a lectura da mesma, polo Sr Alcalde-Presidente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Dada conta do expediente ó efecto, de conformidade co articulo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e co artigo 21.1.f) de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Conta Xeral, xunto con todos os seus xustificantes e Anexos, xa foi levada a Comisión Especial de Contas que a informou favorablemente.

Tamen foi exposta ao público no BOP por prazo de quince días, sen que, durante os cales e oito días máis se presentaran reclamacións, reparos u observacións, conforme ao certificado de Secretaria, por todo elo,

Propoño ao Pleno o seguinte ACORDO



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do ano 2006.

Segundo: Remitir dita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia. En Lobios, a 16 de xuño de 2010”

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que queren deixar constancia de que o Concelleiro D. Benito Vázquez Vázquez non poido asistir por non encontrarse e disculpar a súa ausencia.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, sinala que xa indicaron a súa postura na Comisión Informativa polo que xa esta alí exposta.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que quere que conste en acta que respecto as alegacións si que houbo, decindo que os reparos se presentarían no Pleno, indica que se trata das contas do ano 2006, onde os concelleiros do PSOE non estaban e dos concelleiros do PP so estaba Antonio, continua decindo que xa dixo que había irregularidades económicas e que había indicios e proba delo é que agora se saben as débedas do Concello que se aproximan a dous millóns de euros e hai obras sen fin como son o cámping, o polideportivo...polo que vai fiscalizar ao goberno municipal xa que a traxectoria xa ven dende o Pleno de 13 de xullo de 1995, onde se incorpora D. Benito como Alcalde e aproba unha promesa electoral que era o estado das contas do Concello, nese Pleno o punto 2º dicía (a continuación se transcribe o acta ao que se deu lectura polo Sr. Concelleiro)

“SITUACIÓN ECONOMICA Y ESTADO DE CUENTAS DEL CONCELLO. Comienza el Sr. Alcalde exponiendo la situación económica del Concello, a fecha 30-junio de 1995, y hace constar que en su campaña había prometido un rendimiento anual de cuentas de carácter público.

Que a 30 de junio figura en el acta de arqueo una cantidad líquida de cincuenta y seis millones de pesetas (56.000.000. pts), pero que esto no era real, pues dado los compromisos existentes a la fecha repetida (compromiso afectado de Lindoso); factura Area recreativa , Saneamiento Sampaio, y otras de tipo menor etc, dan como resultado que la verdadera cantidad líquidasea de hecho negativa. Así, mismo el presupuesto de gastos esta en gran parte de sus partidas agotado, y varios conceptos de ingresos (Urbana,, IAE y la llamada aprovechamiento forestales), han disminuido y disminuirán. Se lee parte del convenio con EDP, en el que señalan las amplias facultades municipales para la distribución, de la cantidad y el acuerdo adoptado por el Ayuntamiento sobre afectados.

Por el portavoz de la oposición, el grupo P.S. de G. PSOE, Sr. Ferreira López, señala que entre subvención de afectados de Lindoso, aportación a Planes Provinciales, Redacción proyectos de obras, adquisición de terrenos y pagos por Corporación anterior salida de la Moción de Censura, resulta una cantidd superior a los 610.000.000. Pts.

Señala el sr. Alcalde que prácticamente todo el Municipio está sin saneamiento, que otros municipios han avanzado más, que es necesario potenciar todo el Municipio y apoyar el turismo rural.

Por el portavoz de la oposición se señala que cuando se hizo cargo del Ayuntamiento ya otros municipios llevaban a Lobios, más de diez años de ventaja, lo que hoy ya no existe, y coincide en el apoyo al Turismo rural, lo él también ha apoyado en su día.

Se siguen señalando diversas opiniones, y en resumen como conclusión a este asunto, por el Alcalde señala para clarificar la situación económica municipal: Que caben 3 opciones:

a) Aceptar la situación como se encuentra.

b) Solicitar del Consello de Contas una fiscalización de cuentas.

c) Practicar una auditoria, a partir del empleo de las cantidades procedentes de indemnización de EDP. Sometido el asunto a votación, por unanimidad, dada la propuesta del sr. Alcalde, se acepta la tercera solución.”



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Indica tamen que posteriormente houbo un cambio de Alcalde en 2007, porque xa non se podía enganar mais, e en data 26 de xullo de 2008 o dicente Francisco Veloso propón unha moción que se vota por urxencia (a continuación se transcribe o acta ao que se deu lectura polo Sr. Concelleiro) “*Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, di que é lamentable que non haxa cartos para as festas. Formula as seguintes preguntas:*

1.- ¿Qué solución se lle vai dar á débeda de 200 e pico millóns de pesetas (1 millón e pico de euros) que existe no Concello?.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen di que é certo que hai dificultades e menciona o informe da Alcaldía do orzamento para 2008 onde fai referencia á débeda e as posibles solucións.

Pregunta o Sr. Veloso González que é o que se vai facer coa débeda anterior.

O Sr. Alcalde di que hai facturas legais que recoñecen o gasto.

O Sr. Veloso González di que se deben moitos cartos e pregunta si se vai facer o mesmo que na época de “Ferreira” que quen entrou posteriormente no goberno municipal prometeu unha auditoría e logo non se fixo nada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e di que a realización da auditoría ten un custo económico.

Insiste o Sr. Veloso González en que hai que dar solución ó da débeda e volve a preguntar si se vai a investigar a débeda.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo, quere aclarar que diñeiro para as orquestras si hai, pero menos que o ano anterior. Afirma que hai unha impugnación dos contratos con outras orquestras por parte de Espectáculos Alvar. En cuanto ó da débeda, el está interesado en que desde o ano 1992 ata hoxe en facer o posible por aclarar as contas e apoiarán as iniciativas propostas que vaian nese sentido. “Investiguemos a verdade de todos”.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, di que está dacordo e que apoiarán as medidas que o Sr. Veloso propón.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, propón que se vote unha moción de urxencia para aclarar as contas municipais desde 1992 ata hoxe.

O Sr. Vázquez Vázquez anima ó Sr. Veloso para que presente a moción.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso alude á posibilidade de presentar a moción pola vía de urxencia. Propón a celebración dunha auditoría de contas desde o ano 1992 ata a actualidade.

Votada a urxencia da moción, este resulta aprobada pola unanimidade dos presentes, oito (8) votos a favor.

Queda polo tanto dada por presentada e aprobada a moción de urxencia referente á “Auditoría das contas municipais desde o ano 1992 ata a actualidade”.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo di que defende a transparencia e que hai indicios serios sacados polo Consello de Contas e convén aclarar se estes feitos son reais. Propón a ampliación das datas do período para a realización da auditoría.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez propón ampliar a moción ata os beneficios obtidos polo encoro de Lindoso.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente quen tamén defende a transparencia total pero que afirma estar preocupado polos custes externos que pode ter a auditoría. Ademais advirte sobre a necesidade de pedir un informe técnico sobre a moción presentada.

Proposta polo Sr. Alcalde – Presidente a votación, a moción “Celebración dunha auditoría das contas municipais desde os beneficios obtidos polo encoro de Lindoso ata a actualidade” resulta aprobada pola unanimidade dos presentes (8 votos a favor).”

Continua decindo que hai dous acordos plenarios onde se fai mención a unha auditoría de contas que a día de hoxe aínda non se fixo e a pesar e, como se pode ver, que se menciona ao Consello de contas que pode emitir un informe, tampouco se lle pediu polo Concello, di que tamén existe nos arquivos e no Consello de contas un informe sobre a situación económica do Concello de Lobios totalmente desolador e



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

que fala de responsabilidade Penal, informe ao que non se lle deu traslado ao Xulgado de Bande e entende que debe dárselle traslado para evitar a súa responsabilidade. Indica que respecto as contas a pesar de pedir un certificado expresivo por escrito non se lle deu señalándose un día para a exhibición da documentación e personouse no Concello onde examinou unha documentación composta aproximadamente por douscentos folios onde non existen as facturas nin os contratos que se xeneran nun exercicio, especialmente o exercicio de 2006, continua decindo que o venres día 18 de xuño se persona no Concello para examinar o expediente e se lle di por varios funcionarios que non existe o expediente a disposición so observa a carpeta coa convocatoria do Pleno, indica para finalizar que é un Pleno moi importante xa que foi inmensa a corrupción existente no Concello de Lobios e os enganar aos que se someteu onde se fixeron presuntos desfalcos económicos e irregularidades que calquera xurista que colla o Código Penal quedaríase asombrado xa que practicamente se vulneran os artigos que teñen relación con este tipo de feitos indica que esta situación é unha situación semellante á do Concello de o Vicedo en Lugo no que se refire ao tema xurídico fiscal, económico e contable coa diferenza de que alí houbo un xuício e por esos feitos se condenou ao Alcalde e a outros a varios anos de cárcere, indicando que estas manifestacións son sen ánimo de inxuriar e cumprindo co seu deber de fiscalizar a vida municipal polo que finaliza que debe darse traslado de todo á auditoría competente para eximir a súa responsabilidade, indica a título de exemplo o pago de cheques ao portador que non se axusta a legalidade e con isto se pon fin a unha época histórica que espera que non se volva a repetir e confía en que a Secretaria- Interventora non colabore cos feitos que se mencionan.

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que no informe de secretaria se indica que a aprobación das contas non supón ningunha responsabilidade, ademais di que eles descoñecen exactamente o que pasou.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que posiblemente este de acordo no principal, xa que a situación económica conleva uns problemas inmensos e as irregularidades que existan non as coñecen xa que as mesmas se observan no momento en que se fai a contratación e non agora porque non constan, pon coma exemplo as festas onde agora se ten coñecemento dunha denuncia de “espectáculos albar” que se coñece agora coa denuncia que se presenta por parte da empresa cun documento asinado polo Alcalde anterior e que non consta no Concello e nel se poñen uns intereses que fan que a débeda creza sen que se tivera coñecemento da mesma, indica que respecto a situación económica a situación é deficitaria e esa débeda é en base a facturas non pagadas ou a sentencias xudiciais por responsabilidades patrimoniais que non se coñecen ata que se reclaman polo que aínda que por parte do Concello se están facendo pagos de anos anteriores e xa se pagaron uns 400.000 € esto leva moito traballo xa que non se fan obras con aportación municipal salvo os plans provinciais e agora non hai axudas doutras institucións, continua decindo que en 2007 se presentou unha moción sobre unha auditoría e se pediu un informe técnico e nel se indicaba que as auditorías externas so se podían facer polo Consello de Contas e esa auditoría xa se fixo e estaba exposta no Consello de Contas e xa se retirou por levar a cabo as actuacións e remitir as contas para auditar polo Consello.

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que o seu partido nunca se opuso a facer unha auditoría, é mais o apoiou, pero non esta nas súas mans facela

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sra. González Nora, indica que o que din demostra a pouca seriedade porque ela votaría a auditoría pero esa non é a elección xa que unha auditoría implica costes, continua decindo que se debe traballar para non chegar a ese punto,



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

xa que faltaban contratos e facturas e había gastos desmesurados e non vale dicir que non estaban xa que representan a un partido e acompañan á persoa que podería ser alcalde outros catro anos.

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que se houbera irregularidades habería que tomar medidas e se é así debería facerse unha auditoría e se hai outras medidas, adoptar outras medidas

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sra. González Nora, indica que a situación do Concello esta dunha maneira que so faltaba dedicarse a facer unha auditoría e non deberían de tomarse medidas porque o portavoz do seu partido nun mitin dixo que non se debía nin un lapiz, e claro que non se debía un lapiz, debíanse miles, indica que non hai que tomar medidas hai que demostrar que foron honrados e iso non se demostrou.

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que ela é moi honrada e os seus compañeiros tamén e se queren que se faga unha auditoría ou calquera outra actuación.

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sra. González Nora, indica que non ataca as persoas, pero que representan a un grupo político.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que determinar os datos obxectivos de 2006 é unha labor controvertida, en relación coa auditoría indica que un informe técnico di que non se pode solicitar auditorías a empresas privadas xa que o control externo so o pode facer o Consello de contas e iso se lles pode pedir pero serán eles os que deciden porque unha auditoría privada non tería validez.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que debido as características que se dan o pleno é suave porque non hai oposición, indica que aquí se trata de aprobar e seguir para adiante e non facer as auditorías que se acordaron, di que se hai irregularidades se debe dar traslado ao órgano competente, indica que aquí hai irregularidades pero a solución non a pon nadie, xa que unha auditoría é unha solución e o Concello non é tan grande nin ten un volume tan grande de traballo para que a anualidade de 2006 coste mais de 6000 €e iso é unha inversión do Concello porque se hai unha debeda de casi dous millóns de euros debe facerse un informe de Secretaria- Intervención e solicitarse unha auditoría a unha empresa externa polas obras como o cámping, o polideportivo... e a nefasta xestión que houbo, xa que o rendimento económico e o beneficio serían importantes e se cumpriría co seu deber xa que o de “ borrón e conta nova” ou “ hai mais traballo” non forma parte do dicente e por iso hai demagoxias que nadie entende, di que o pobo é pequeno e nadie quere enemistarse, pero é de dominio público o que pasou e os veciños non olvidan, indica que o informe de 2006 é dunha persoa que non é secretaria- interventora de carreira e ao seu xuízo é un informe de favor xa que a situación é semellante á do concello de O Vicedo e se remite á sentenza da audiencia provincial de Lugo para rematar di que tras o oído debe de solicitarse un informe ao Consello de Contas sobre a situación das contas de 2006 e, tras por a disposición a documentación aos concelleiros, poderá aprobarse, xa que non é ético aprobalo cando non se coñecen as actuacións e cando so se fala de irregularidades que poden ser constitutivas de privación de vontade, como sucede nalgún concello a onde vai a policía xudicial e entra nos mesmos, sen animo de inxuriar.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que nese sentido de defender a seriedade e de remitir ao Consello de Contas, a forma de remitilo é aprobando a conta xeral e despois deben de resolverse os problemas e se deben defender os intereses de Lobios, e deben aprobarse as contas.

Sometida a votación a proposta de alcaldía, resultou aprobada por maioría absoluta dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. Rosa Nora González, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, e D. Antonio Estévez González, (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Jesús Deibe Fernández Simo, D. Cayetano Carballo Suárez e D. Benito Vázquez Vázquez (por inasistencia) (tres abstencións)

VOTOS EN CONTRA: Sres./as D. Francisco Veloso González (un voto en contra)

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as once horas do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy